

CURSO CREATIVIDADE E ILUSTRACIÓN

Renata Otero Ramallal. Santiago, xaneiro de 2011.

VENRES

A NOSA EXPERIENCIA NO IES DE AMES PARA A INTRODUCCIÓN DO DESEÑO EDITORIAL NA AULA 2008-2011

a) Como plantexamos a proposta no departamento/IES

A idea xurde en colaboración con Marga Olivares, coordinadora do excelente Plan Lector do IES de Ames. O departamento de plástica propón colaborar con dito plan con diversas actividades, entre elas un concurso de libro ilustrado.

O obxetivos son:

1-Potenciar a lectura de libro ilustrado

2-Fomentar a lectura de ilustración editorial desde unha perspectiva máis técnica e estética

3-Comprender as fases do produto editorial desde a idea primixenia ata a publicación final

4- Insistir no potencial do noso alumnado como futuros ilustradores, incluso para aqueles alumnos mal debuxantes...

Desde o inicio imos aprendendo da experiencia mediante ensaio-erro e por elo imos modificando as bases das convocatorias...

-No concurso 2008/9:

-ten que ser un libro con pop-ups e texto inédito

-equipo de 2

-formato libre con tapa dura

-mínimo 3 pop-ups

-texto inédito

- o xurado serán os nenos do cole de ao lado...

- 1º, 3º, 4º, eso máis voluntarios

-No curso 2009/10

-ten que ser un libro que adapte un poema ou unha canción de amor (o amor era o tema que traballamos multidepartamentalmente para os ciclos de conferencias, o musical e a meirande parte das actividades)

- equipos de 2

-formato máximo DINA 5 con tapa dura

- o xurado serán as profes do Departamento de EPV e unha profe do proxecto lector.

- 3º e 4º ESO máis voluntarios

- No curso 2010/2011 cos traballos individuais de todos os alumnos , encuadernaremos un libro. Todavía estamos a valorar que formará parte do xurado, pero quixeramos incluír de novo a alumnos, senon de outro centro, polo menos de outros cursos...
- Falar aquí da miña experiencia facendo o libro sobre os dereitos humanos no IES Perdouro, de Burela (anos noventa). Proxecto cun resultado altamente integrador
 - 3º e 4º eso mais voluntarios

b) Como plantexamos a proposta na aula

1º Levamos material da biblioteca do IES e da nosa particular para que podan comprobar *in situ* a variedade e versatilidade actual no referente a técnicas, formatos e estilos de ilustración contemporánea (por suposto citamos traballos de Kalandraka, Galaxia e outras editoriais galegas que fan cousas ben xeitosas..), centrándonos especialmente naqueles exemplos que non requiren virtuosismo, e que poden resultar accesibles ao seu nivel de debuxo/deseño/destrezas vencelladas ao tema do libro ilustrado e etc.

2º Elaboramos e/ou compilamos o texto (dámoslle algunha pauta sobre unha narración breve ou levamos aos alumnos á biblioteca/deixámoslle buscar na rede, para elixir o texto alleo que ilustrarán) o idóneo sería contar con departamentos de lingua para crear o texto..

3º Explicamos como se elabora unha maqueta editorial. Fan a súa adaptando o texto á paxinación.

4º Facemos un mapa conceptual no encerado que sirva para ilustrar as posibilidades formales da encuadernación, plegado, técnicas ilustrativas, creación dos pop-ups, etc.

1º exercicio de creatividade MAPA MENTAL Eu no encerado recollo a aportación do grupo sobre as posibilidades formales de libro ilustrado da aula da ESO.

Procedemento:

Colocamos no centro do soporte a palabra principal, neste caso: *ilustración*.

En torno a ella imos desplegando categorías e apuntando as aportacións do grupo. Escribimos dun modo moi sintético, podemos engadir frechas, debuxos, iconos, emoticonos, subraídos, etc. e moitas cores. Ver a información gráfica deste xeito é máis global, máis inmediato, que nun texto convencional de arriba e abaixo. Moito máis cómodo para consultalo ao longo da sesión, ou para ilo ampliando en sesións sucesivas. (o ideal é facelo nun papel continuo ou nunha pizarra dixital para poder reutilizalo en sesións posteriores se fose necesario)

Material: Pizarra normal e/ou vileda: rotuladores de cores e/ou tizas de cores

Distribuimos información gráfica (libros e fotocopias), pero valoramos especialmente a experimentación.

Alguns dos conceptos que saíron nese mapa mental son:

Exemplos de técnicas:

COLAXE

PHOTOSHOP

FOTOGRAFÍA

MAQUETACIÓN

COSIDO

ENCUADERNACIÓN

LIBROS DE ARTISTA

PLEGADO ORIXINAL

POP UPS

TIPOGRAFÍA CREATIVA

Adaptación ao marco

tipografías temáticas

collage, etc

fontes gratis da rede

fontes de word

creación tipográfica co escaner e/ou outros programas gratis da rede

ENCUDERNACIÓN

plegado creativo: acordeón, simetrial central, plano de carretera, etc.

posibilidades de unión de páxinas: cosido, grapado, encolado, anillas, espirais, lazos, caixas..

SÁBADO

2º EXERCICIO. CADAVER EXQUISISTO POEMA CONXUNTO/GUIÓN PARA AUDIO EN OFF (10-20 minutos)

Cada alumno recibirá ao comezo da sesión unha pequena tira de papel cor crema (por exemplo) e un lápiz

Pídelles que escriban *unha frase* sobre o que lles gusta facer con auga (ou dentro da auga): suxeito+ verbo+ predicado

Por exemplo: *As acelgas fervidas veñenme de fábula para a operación bikini...*

Que sexa o mais delirante posible:

Desexo bicar apaixonadamente baixo unha chovieira é unha resposta moito mais creativa que : guústame beber auga para quitar a sede , ou acostumo a ducharme polas mañáns... Do mesmo xeito encántame as patacas cocidas é moito menos creativo que adoito a facer que ferva a poción máxica de Panorámix.

Proceso:

Recollemos todos os papeles

Remexemos e logo ordenamos cara abaixo todos os papeles nunha columna vertical

Dámoslle a volta a cada tira

Leo o poema

Este exercicio serve por exemplo para o seguinte suposto:

O departamento de Plástica comprometeuse co de Bioloxía para facer unha instalación efímera no vestíbulo do centro. Falaremos sobre o auga como un recurso esgotable.

Decidimos facer ducias de gotas, con forma de ovoide regular de aproximadamente 20 cms de alto en diferentes tonos de azuis donde, todas as gotas colgan cun sedal do falso teito. É unha especie de manto superior fermoso, pero resulta demasiado frío. Queremos darlle outra dimensión á instalación, algo que provoque unha maior atención na espectáculo. Queremos algo fermoso, poético e necesitamos incorporar un audio. Por elo facemos un “cadaver exquisito”

- Introducción aos conceptos básicos:

a) Practicaremos diversas técnicas dirixidas a unha aplicación concreta.

b) Non realizaremos traballos plásticamente moi ben rematados, porque o obxectivo é a aplicación da creatividade no plantexamento e na resolución de problemas. Ao falar de creatividade na aula entendemos que se trata de un coñecemento relacionado coa metodoloxía, non é un procedemento. Así pois plantexaremos exercicios e poremoslos en práctica, pero moitas outras veces deixaremos a porta aberta, simplemente lanzando as propostas dos exercicios.

Faremos pois o plantexamento de exercicios de ilustración, cómic, video, deseño gráfico, escultura, animación..

CONCEPTOS:

QUÉ É A CREATIVIDADE

-“ A capacidade que ten todo ser humano para recibir, procesar, almacenar información para logo recuperala e utilizala de xeito adaptativo” Hernandez 1998

-Creatividade é pensamento en acción, capacidade para pensar distinto, orixinal e innovadora, dando con elo solución a determinados problemas e xerando algo que antes non existía.

-Ser creativo significa aportar un significado ou unha finalidade nova a unha labor; atopar novos usos, resolver problemas existentes, incorporarlles beleza ou valor...

-A creatividade ten que ver coa nosa capacidade de resolver problemas no cotidiano. Así que se pode ser un mecánico creativo, ou un deportista creativo, non é unha capacidade unicamente vinculada á creación visual ou estética.

2- FASES da CREATIVIDADE

1 -Problema

Por exemplo: ¿Como podemos facer unha escultura de gran formato para o patio interior do IES?

2- Preparación

- Recabo información
- Plantexo todas as preguntas posibles
- Concéntrome na proposta e familiarizome con todos os aspectos do problema.
- **EXERCICIO 3. BUSQUEDA INTERROGATIVA.** Os alumnos plantexan todas as preguntas posibles sobre o problema. Cantas mais millor. A choiva interrogativa tamén se pode facer cos SEIS SOMBREIROS DO PENSAMENTO e da óptimos resultados.

¿Cales son as dimensións da futura escultura?

¿Cal é propósito de dita escultura?

¿Con que orzamento contamos?

¿É un espacio seguro?

¿Canto tempo está previsto que a escultura permaneza alí?

¿Qué materiais poden traballar os rapaces para algo desas dimensións?

¿Qué técnicas son accesibles para eles e me permiten algo perdurable, que aguante á intemperie e a esa escala?

¿Qué cursos, por horario, capacidades, comportamento e etc son os idóneos para o traballo?

¿De canto tempo dispomos?

...

3- Incubación

- Tómanonos un tempo para deixar que o problema quede apartado, e mentras reunimos enerxías para resolvelo, (e sobreinformámonos (de imaxes)). Comezamos a ter certas ideas, todavía vagas de por donde poderíamos resolver o tema.

Ten que ser un metal inoxidable, ou pedra, ou..

Ten que ser seguro...soportar as inclemencias do tempo, o vandalismo, etc

...

4- Iluminación

Nun momento dado, que pode ser, por exemplo no tempo de ocio, facemos unha conexión, encéndesenos a bombilla e ocúrrenos unha solución.

Podemos usar a remachadora e folla de lata cunha imprimación, non durará eternamente, pero pode durar varios anos con mantemento, logo sería bó renovala...

5- Embudo

- Eliminamos todo o que non serve
- Limitámonos a concretar a nosa idea
- Obtemos o apoio externo necesario
- Conseguimos a infraestrutura, o espacio, e os materiais necesarios para comezar a traballar
- *Organizamos un plan de traballo. Distribuimos os grupos, organizamos materiais, nombramos responsables de equipo e tomamos nota dos equipos, concretando as funcións de cada membro para unha posterior avaliación., adecuamos o espacio de traballo, pedimos os permisos necesarios, etc.*

6- Execución

- Se todo vai ben durante o proceso de realización entramos en trance: a nosa percepción do tempo queda falseada (pasan horas de traballo e pensamos que pasaron 40 minutos, por exemplo)
- *facemola*

3. LÍMITES DA CREATIVIDADE

- Buscar a resposta correcta (educación no pensamento converxente)
- Esixir lóxica
- Seguir as normas
- Ser práctico/a
- Evitar a ambigüedade
- Ter medo a cometer un erro
- Entender o xogo como un tempo perdido
- Sentirse fora de terreo
- Medo ao ridículo/rechazo
- Non creerse creativo/a

EXERCICIO 4: TRABALLO CO AZAR. MÉTODO DAS PALABRAS ALEATORIAS. Bocexo cartel para o Día dos dereitos humanos.

-Equipos de tres

-A palabra ao azar funciona como disparador de novas conexións mentales

É a técnica idónea para exercicios moi trillados: Día das letras galegas, postal Nadal, traballos sobre respecto medioambiental, etc.

Unha “man inocente” por equipo escollerá unha palabra ao azar de entre moitas previamente recolectadas e metidas nunha caixa.

Cada equipo atopa o xeito de vencellar esa palabra cun dos DEREITOS HUMANOS, para crear o seu cartel.

Materiales:

Un listado cos dereitos humanos

Unha caixa con multitude de palabras (ou frases) recortadas de prensa gráfica i

Lápices, folios, ceras, rotuladores, etc.

4- QUE É O PENSAMENTO DIVERXENTE.

Os dous hemisferios cerebrales funcionan de xeito moi diferente. Para estimular a creatividade debemos pensar co lado dereito do cerebro.

Diferencias entre os dous hemisferios:

HEMISFERIO ESQUERDO

HEMISFERIO DEREITO

Potenciado polo coñec. académico

Castigado polo coñecemento académico

Converxente

Diverxente

Lóxico

Intuitivo

Normas

Libre

Sucesivo

Simultáneo

Lado dextro do corpo

Lado esquerdo do corpo

Abstracto

Concreto

Que

Cómo

PLANTEXAMENTO DE EXERCICIO DE PENSAMENTO LATERAL:

Procedimento: Ensinaselles aos alumnos un debuxo de liña e invítaselles a copialo con lápiz nun folio. Por detrás firman o exercicio e poñenlle: DEREITO; semanas despois pideselle que copien o mesmo debuxo colocando a imaxe a copiar DO RÉVES. Cando remata entregaselles o debuxo do dereito e avalian as diferencias, as milloras, etc.

MATERIALES: Unha imaxe dun debuxo de liña complexo: exemplo unha ilustración de Seoane (unha imaxe por alumno e/ou unha proxectada), lápiz nº2 de grafito e 2 folios por alumno.

EXERCICIO 5: ANALOXÍA INUSUAL para traballar o poema visual, a escultura de obxeto encontrado: podemos ensinalles previamente traballos de Marcel Duchamp, Meret Openheim, Joan Brossa, Chema Madoz...Podemos empregalo,. Por exemplo para elaborar unha exposición que conmemore o Dia Internacional contra o SIDA. e

MATERIALES:

- Obxetos variados con formas e cores interesantes, nunha caixa
- Material diverso do Departamento que sirva para ensamblar, pegar, pintar, forrar...
- Distribúense os alumnos en equipos de dous
- **TRANSFORMACION DO OBXETO.** Que os alumnos manipulen o obxeto e/ou creen un fondo para él que lle de outro significado mais axeitado á proposta do exercicio. Cando rematen a composición, que lle saquen unha foto.

5. CÓMO POTENCIAR O PENSAMENTO DIVERXENTE (A CREATIVIDADE)

- Come proteínas dissociadas de hidratos para crear, e hidratos (350 calorías son suficientes) sós para relaxarnos despois de crear. Exemplo, varias lonchas de xamón curado para crear o concepto, e unha chocolatina para ir levándoa á práctica...
- Move as mans e/ou movete ti. Se te atascas debuxa en círculos pequenos, fai debuxos automáticos ata que se che ocorra algo, bota unha canasta, etc.
- Pon música, se podes facelo con entradas aleatorias no orde ou nos estilos, millor
- Sobreinformate visualmente. Ex: consulta webs como Gettyimage...
- Usa a man “mala”
- Senta nun sitio ou dun xeito diferentes
- Parte dun erro e aproveita as limitacións que vas atopando
- Pon o traballo do revés e obsérvao. Traballa con él en distintas posturas: no chan, nun atril,

colgado...

EXERCICIO 6: CHOIVA DE IDEAS para un concurso de fotos sobre o amor que non sexan cursis.

- normas básicas:
- Non podemos interrumpir, non xuzgamos, non falamos de outras cousas, non apuntamos comentarios nen rimos, ou rompemos o fluxo de ideas
- 1º ronda: ante o tema proposto, arrancamos a verquer as palabras que se nos ocorran. Procuramos ter presente a pregunta principal para non desviarnos demasiado. Vale todo
- 2º ronda, cando a velocidade e enerxía decaía, facemos unha parada releemos e avaliamos se gardala ou non
- 3ª ronda facemos novas choivas de ideas das palabras mais suxerintes, procurando agora aportar palabras que se refiran a obxetos físicos: cousas ou persoas que se podan fotografiar.

-Unha pizarra e tizas ou os rotuladores específicos

EXERCICIO 7: PENSAMENTO INVERSO: Elaborar un decálogo para deseñar un bodrio de cómic.

-Unha pizarra e tizas ou os rotuladores específicos

Procedimento: (neste caso fixémoslo entre todos, pero ao igual que na choiva de ideas, podemos facer un bo traballo deste estilo en equipos de 5 sobre follas DIN-A3...con lápices e rotuladores de cores)

Apuntar as aportacións do grupo no encerado

Cando rematamos, correximos con outra cor, para que darlle os entido contrario á frase.

Por exemplo: Se penso que ESCRIBIR CON MALA LETRA é boa idea para facer un bodrio de cómic; corríxoo do seguinte xeito: ESCRIBIR CON ~~MALA~~ BOA LETRA

Cando rematamos, os alumnos teñen unha moi boa base teórica para facer un bo traballo de cómic, e o feito de repsalas dun feito lúdico fixaraas millor na súa memoria.

EXERCICIOS 8: OS SEIS SOMBREIROS DO PENSAMENTO Proposta: Creación de recursos gráficos que sirvan de fondo para usar O ENCERADO COMO FERRAMENTA para darnos autoridade dun xeito creativo.

6 gorros por alumno. Un gorro en cada cor para cada alumno (cada gorro pódese facer cun folio, pegado cunha tira de celo, a modo de cono de cores)

folios e lápiz para ir tomando notas das ideas

Este método require un entreno previo pero resulta:

-Óptimo para a resolución de conflitos

-Excelente para dinamizar procesos estancados

-Útil para o debate que leve á elaboración conxunta

Método: Como son instrucións bastante longas, remítovos á http://members.tripod.com/hdo_zorrilla/creatividad/seis_sombreros.htm,

http://es.wikipedia.org/wiki/Seis_sombreros_para_pensar,

http://www.innovaforum.com/tecnica/sixhats_e.htm

NOTA:-Os alumnos poden elaborar os seus sombreiros: con papiroflexia, elaborando conos, ou pirámides sen base; etc. podemos solucionar o dos sombreiros con outra choiva de ideas...

6. COMO ESTIMULAR A CREATIVIDADE NA AULA

-Practica a resonancia selectiva.

-Valora en positivo a investigación ao marxe do resultado.

-Crea un clima de liberdade: Esixe respecto ás persoas, os traballos, as opinións, á materia...sanciona no momento as faltas de respecto e sigue..

-Plantexa os conceptos en función de problemas: eso esixe unha actitude interrogativa, de búsqueda, de investigación, óptima para o desenrolo da creatividade

-Cambia con frecuencia a agrupación para os traballos.

-Móvete, cambia o teu lugar, senta nun lugar ou dun xeito diferente na aula.

-Cambia moito de formato e procedementos nas tuas propostas

-Fai xogos previos (por ex. Eu mándolles escribir a palabra “Constantinopla” coa man esquerda, coa dereita, en 3 segundos, durante 30 segundos, apenas suxetando o lápiz, apretandoo con moita forza, etc. Con elo fago unha introducción lúdica á parte teórica sobre a expresividade da liña).

-Pon música de estilos moi diversos, millor se é aleatoriamente.

- Ofrécelles imaxes (de artistas consagrados/as e/ou de outros alumnos), ensinadelle recursos e exercicios para a súa busca no tempo de ocio.
- Sácaos da aula convencional e failles traballar noutro espacio
- Entende que o uso do humor non é perda de autoridade
- Cando se bloqueen, fai que partan dun erro
- Merca folios de cores
- Ponlles o traballo do revés e fai que o observen, para logo voltar a ollalo do dereito.
- Fai un D+D (escribe o que fixeches, escribe a túa reflexión sobre os resultados acadados, os problemas que foron xurdindo, as solucións atopadas, etc) unha vez á semana, ou por proxecto.
- Failles experimentar cos 5 sentidos
- Avaliación constructiva dos mellores e peores resultados
- Aproveita aos “malotes” (valora en positivo a súa opinión, valora publicamente os seus acertos..)
- Impón creativamente a túa autoridade
- Plantexa cada exercicio como unha sorpresa (ex . Para técnicas de 1º ESO Papel arrugado; ou escarabelos xigantes para aprender a difuminar e mezclar cores con creas Manley, etc...)

7- VENTAXAS DE POTENCIAR A CREATIVIDADE NA AULA

Os alumnos creativos teñen:

- Maior curiosidade intelectual
- Están altamente motivados, teñen máis autonomía e máis vontade de traballo
- Teñen unha mente moi flexible e o seu pensamento é máis original. Iso mellora entre outras cousas a súa capacidade de adaptación social, diminúe os conflitos, facilita a comunicación.
- Son sumamente perceptivos, polo que observan e relacionan feitos que aparente carecen de vínculos entre si.
- Poseen confianza en si mesmos, que se evidencia na toma de decisións e nunha maior perseverancia.

Como profesores creativos con alumnos creativos:

- Desfrutamos máis do traballo porque a motivación é maior por ambas partes
- Os resultados son máis interesantes e orixinais. Hay unha maior variedade, investigación, sorpresa, risco...
- Eles aprenden a aportar coñecementos de cara ao grupo/materia.
- Eles desfrutan máis do proceso de aprendizaxe, poñense “golosos” ante o coñecemento e pasan a entendelo como algo máis lúdico e máis interesante.
- Mellora a súa autoestima como alumnos e a nosa como profes.
- Conseguimos que entendan e respeten moito máis o traballo creativo de outros, perden prexuízos negativos sobre o arte e os artistas.

BIBLIOGRAFÍA

BALLESTEROS, X. e VIDAURRE, J.: *Imagina animales*. Kalandraka. Sevilla, 2007 (obxeto encontrado, traballar co azar)

BELJON, J.J.: *Gramática del arte*. Celeste Ediciones. Madrid, 1993 (analogía, choiva de ideas, búsqueda interrogatoria...)

de BONO, E.: *Seis sombreros para pensar*. Granica.

De BONO, E.: *El pensamiento lateral. Manual de creatividad*. Ediciones Paidós Ibérica, S.A.

CASTLOW, N. : *¿Tu qué pintas?*. SM. Madrid 2007

SANZ, LOBO, E.: *La solución creativa de problemas en las artes plásticas*. USC, Santiago de Compostela, 1998. (creatividade xeral)

WYCOFF, J.: *Trucos de la mente creativa. Mindmapping*. Ediciones Martínez Roca. Barcelona, 1994 ([mapas mentales](#))

WEBGRAFÍA

CREATIVIDADE EN XERAL

http://members.tripod.com/hdo_zorrilla/creatividad/tecnicas.htm

TIPOGRAFÍA CREATIVA

<http://ofurbano.blogspot.com/2009/11/tipografia-creativa.html> adecuación ao marco, e outros

<http://comunidad.zinkho.com/2008/05/page/3/> adecuación ao marco

<http://weblogs.clarin.com/dsno/> tipografía artesanal feita con cabelo

<http://blog.aleixpellicer.com/2009/03/> tipografía artesanal feita con diferentes materiais

<http://www.dafont.com/> para baixar infinidade de tipografías gratis .gran variedade temática e moi actualizada

OBXETOS. Ilustración , poemas visuales, escultura, obxeto encontrado..

<http://www.gettyimages.es/detail/107720449/Photodisc-----puzle> erguido

<http://www.gettyimages.es/detail/107670694/The-Image-Bank> roscas e parafusos

<http://www.gettyimages.es/detail/107720995/Digital-Vision> marco e flores naturais

<http://www.gettyimages.es/detail/107742242/Stone> silueta e libélula morta

<http://www.gettyimages.es/detail/106661500/Flickr> follas-mapa-mundi

<http://www.gettyimages.es/detail/107138157/Photodisc> homes galleta + lentejuela corazón..

<http://www.gettyimages.es/detail/107438440/Flickr> composición simetría photoshop con mistos

FIGURA E FONDO

<http://www.gettyimages.es/detail/103811873/Stone> idea colaxe figura e fondo. Elefante nun ascensor

<http://www.gettyimages.es/detail/92921337> avión de papel “voando” sobre foto ceo

<http://www.gettyimages.es/detail/88462093/Iconica> idea colaxe figura e fondo. Home voando entre rañaceos

<http://www.gettyimages.es/detail/107478459/Photographers-Choice> idea colaxe photoshop. Muller pintando o ceo de azul

<http://www.gettyimages.es/detail/107229540> idea colaxe photoshop. postMagritte. Señor con volvoretas que saen do seu traxe

<http://www.gettyimages.es/detail/104433763/Flickr> transformación da figura en fondo, pintado por derriba dunha foto cun espray

<http://www.gettyimages.es/detail/97945130/Photonica> transformación da figura en fondo, pintado por derriba dun vidro sobre a figura

<http://www.gettyimages.es/detail/103307549/amana-images> resaltado da figura, mediante o debuxo no fondo. Coche que bota fume-corazóns..

ANALOXÍA

<http://www.gettyimages.es/detail/107239948/Flickr> polo como Venus espida

<http://www.gettyimages.es/detail/91985675/Stone> pila de libros como persoa correndo

<http://www.gettyimages.es/detail/107149791/Digital-Vision> folla seca como coche

POSANDO DIANTE DUN FONDO TRABALLADO

<http://www.gettyimages.es/detail/104433763/Flickr> foto poliedro en equilibrio sobre a punta dun índice..

<http://www.gettyimages.es/detail/107202662/Flickr> foto “anxo” coas alas pintadas nun fondo branco

<http://www.gettyimages.es/detail/107276984/Photonica> foto rapaz pensando fronte á pizarra

<http://www.gettyimages.es/detail/104865914/Flickr> foto rapaza cun rastro cinético sanguinolento

TRANSFORMACION DO OBXETO

<http://www.gettyimages.es/detail/106055553/Photographers-Choice> poema visual sobre o papel reciclable

<http://www.gettyimages.es/detail/107570448/Stone> billete valiosísimo

<http://www.gettyimages.es/detail/107162909> Cabaza Sanmaín vomitando

<http://www.gettyimages.es/detail/107100665/Flickr> ovos pintados

<http://www.gettyimages.es/detail/107669281/Photodisc> peladillas pintadas-coellos

<http://www.gettyimages.es/detail/106688304/Flickr> puzzle-corazón

<http://www.gettyimages.es/detail/106682763/Collection-Mix--Subjects> bufanda-interrogante

<http://www.gettyimages.es/detail/107640548/Flickr> ovillo-porcoespino

<http://www.gettyimages.es/detail/106893573> manipulación dos bonecos do pastel nupcial

<http://www.gettyimages.es/detail/104193383/Stone> foto inqueda pola composición e a colocación do cabelo

DEFINICIÓN CREATIVIDADE

<http://www.gettyimages.es/detail/103629795/Stone> imaxe creatividade: algo producido da nada, manualmente..

<http://www.gettyimages.es/detail/104796494/Flickr> imaxinar-recordar o visto

<http://www.gettyimages.es/detail/106622977/Flickr> crear improvisando

<http://www.gettyimages.es/detail/99289866/Stone> imaxinar -ver o que outros non ven

<http://www.sabiduria.com/images/creatividad.jpg> os dous hemisferios

CHOIVA DE IDEAS

<http://cache1.asset->

cache.net/xc/90580107.jpg?v=1&c=NewsMaker&k=2&d=F5B5107058D53DF53D9E28313827FA77F30CAED906F854E4488CA5F4AE08035D instalación lápices como pingas de auga

MAPAS MENTALES

<http://www.monografias.com/trabajos15/mapas-mentales/mapas-mentales.shtml>

CREATIVIDADE EN XERAL

<http://www.gratisweb.com/alfonsoparedes/creatividad1.htm> creatividade

http://www.neuronilla.com/component/option,com_deeppockets/task,catShow/id,5/Itemid,70/ técnicas de creatividade

http://es.wikipedia.org/wiki/Pensamiento_lateral pensamento lateral